


Comencer



ALUMNOS E.X.B. - SEMINARIO "STA. CATALINA" - MONDOÑEDO - (LUGO)


Xonnal subvencionado pola Consellería de Educación.

Dirección Xeral de Política Lingüística.

Depósito legal: LU-1.609-1982

ANO VIII - NUM 73

Decembro - 1989




Rotulou:

IGNACIO LORENZO TOIMIL, 7º EXB

Erase unha vez un pequeno pobo. Un pobo situado, coma tantos outros, nas marxes da estrada N-VI. Un pobo polo que pasaban os automovilistas, polo xeral, sen pararse, sen deterse.

Neste pobo vivía un cura, coma en tantos outros, pero neste caso era un cura ó que lle gustaba moito todo o que facía referencia ó Nadal e soñou con facer no seu pobo un "Belén" que chamase a atención e que convertise a este pequeno pobo nun pobo diferente, nun pobo no que os automovilistas -ó menos polo Nadal- tivesen un motivo para deterse, para facer unha parada no camiño. A muxica que prendeu este "lume" foi unha visita a un nacemento na Coruña. Don Xosé, que tal era o nome do cura, para leva-la súa obra adiante, soubo rodearse de xente entusiasta e entusiasmada coa idea, de xeito que, se el un día faltaba -como, por desgracia, así foi- a súa obra seguise a súa andadura. Xosé Rodríguez Varela sería -e é aínda- o que lles deu -e dá- "vida" ás figuras. Xulio Xiz Ramil será o "motor" dos diversos actos que cada Nadal se artellan ó redor do



*Belén Electrónico. Estes actos levan a milleiros de persoas, a milleiros de romeiros a este pequeno pobo da estrada N-VI. Pequeno pobo que, cada Nadal, opera o milagre de converterse nunha brillante estrela, nun radiante sol que deslumbra ós outros pobos. Hoxe en día, este pequeno pobo é coñecido en toda Galicia, e aínda fóra, polo seu Belén. Por ese Belén que ano tras ano se vai engrandecendo e que outros pobos -Folgozo de la Ribera, por exemplo- van copian-do. Este pequeno pobo, situado na N-VI, a poucos quilómetros de Lugo, é Begonte, que de aquí en diante ben se podería chamar **BEGONTE DO BELEN**.*

Colectivo "AMENCER"